

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO MÁSTER EN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E INNOVACIÓN**

En Santiago de Compostela, a 28 de xullo de 2022

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Francisco José Conde López, Vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG do 16 de maio de 2022), actuando en nome e representación da Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN), na súa calidade de presidente, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro).

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, (en adiante USC) con NIF Q1518001A, nomeado segundo o Decreto 35/2022, do 17 de marzo, (DOG núm. 56 do 22 de marzo de 2022) de acordo coas competencias que lle outorga a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.



## EXPOÑEN

### PRIMEIRO

Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro).

A Axencia Galega de Innovación está adscrita á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos da Axencia Galega de Innovación atribúen a mesma, entre outras funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

### SEGUNDO

Que a Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, no artigo 2º do apartado 2d) recoñece ás Universidades autonomía para a elaboración de plans de estudos e investigación; así mesmo, o artigo 39.3 establece que a universidade asume, como un dos seus obxectivos esenciais, o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística e que atenderá tanto á investigación aplicada como á básica. Como se pon de



manifesto nos diferentes apartados do artigo 41 desa mesma Lei, co fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico preténdese asegurar o fomento da calidade e da competitividade internacional da investigación desenvolvida polas Universidades; a coordinación da investigación entre diversas Universidades e centros de investigación, así como a creación de centros ou estruturas mixtas entre as Universidades e outros organismos públicos e privados de investigación, e, no seu caso, empresas; a vinculación entre a investigación universitaria e o sistema produtivo, como vía para articular a transferencia dos coñecementos xerados e a presenza da Universidade no proceso de innovación do sistema produtivo e das empresas; a xeración de sistemas innovadores na organización e xestión polas Universidades do fomento da súa actividade investigadora, da transferencia dos resultados da investigación e da captación de recursos para o seu desenvolvemento .

### TERCEIRO

O Máster de desenvolvemento económico e innovación (DEIN) é un Máster Oficial da USC que ofrece formación avanzada en xestión da innovación e no desenvolvemento sustentable e a economía circular a nivel xeral, rexional e local cun deseño interdisciplinar que incorpora formación teórica e ferramentas de análise, xestión e deseño de políticas nestes ámbitos. Está orientado especialmente a titulados en Economía e Administración e Dirección de Empresas e tamén a titulados en outras ciencias sociais como Políticas, Socioloxía, Xeografía, Información, Dereito e outras como Enxeñerías Industriais e Agrarias, Ciencias experimentais ...

O Master DEIN capacita aos alumnos para saídas profesionais nos campos da:

- Xestión da I+D e innovación en empresas e institucións públicas, centros tecnolóxicos, etc;
- Xestión de plans e proxectos de desenvolvemento sustentable e circular a nivel local e rexional;
- Consultaría especializada en innovación, eco-innovación, economía circular,

R

estratexias competitivas, desenvolvemento rexional e local sustentábel e economía circular.

A formación adquirida tamén permite aos alumnos continuar a carreira como investigador nos programas de doutoramento (Máster DEIN de acceso directo ao Programa de Doutoramento Economía e Empresa).

A Axencia Galega de Innovación ten interese en apoiar economicamente no desenvolvemento do citado Máster coa finalidade de mellorar na comunidade autónoma galega a formación dos seus titulados en xestión da innovación producida en Galicia e no desenvolvemento sustentable da nosa Comunidade Autónoma.

#### **CUARTO**

Que a Axencia Galega de Innovación está interesada en colaborar coa Universidade de Santiago de Compostela na organización do devandito máster en Desenvolvemento Económico e Innovación.

Que como se pode deducir dos puntos anteriores, e en cumprimento do establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os obxectivos que se perseguen con este convenio responden aos fins perseguidos por GAIN de fomentar a formación da innovación. Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para esas accións, xa que se trata de actividades formativas de carácter singular promovidas pola USC.

Por todo isto subscriben o presente convenio consonte as seguintes



## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

O obxecto do presente convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Universidade de Santiago de Compostela para instrumentar unha subvención para a realización e desenvolvemento dos estudos conducentes ao título de Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación (DEIN).

### **SEGUNDA.- Conceptos subvencionados**

A Axencia Galega de Innovación contribuirá economicamente ao desenvolvemento da actuación descrita na cláusula anterior, conforme ao orzamento que se detalla na cláusula cuarta do convenio.

Aos efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, enténdese como gastos subvencionables aos que respondan de forma indubidable á natureza da actividade subvencionada. Os citados gastos deberán estar realizados no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e a data límite de xustificación da axuda establecida na cláusula quinta.

### **TERCEIRA.- Subcontratación das actividades.**

No caso de que para a realización das actividades obxecto do presente convenio se precise recorrer a contratación externa, esta deberá rexerse polo estipulado no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba el regulamento do citado texto legal.



### **CUARTA.- Condicións económicas**

A Axencia Galega de Innovación subvencionará con seis mil euros (6.000,€) á Universidade de Santiago de Compostela, con cargo á aplicación orzamentaria



06.A2.561A.744.0 (código proxecto 2015 00016).

Os importes da subvención destinaranse a cubrir os gastos detallados na seguinte desagregación:

<b>Colaboración económica Máster DEIN</b>	
Gastos de xestión ordinarios Coordinación de eventos (contacto con potenciais poñentes, documentos previos, preparación de eventos, etc.) Elaboración e distribución de material (material de comunicación e difusión, axenda final, mailing, etc.)	2.500,-€
Costes loxísticos e de viaxe Gastos desprazamentos dos poñentes Xestión loxística dos eventos para a realización online Retribución de poñentes	3.500,-€
<b>TOTAL</b>	<b>6.000,-€</b>

#### **QUINTA.- Pagamento**

As achegas financeiras serán libradas por GAIN a USC, logo de que esta remita a correspondente documentación conforme á cláusula sétima do convenio antes do 2 de novembro de 2022.

Os gastos financiáveis irán dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de outubro de 2022.

#### **SEXTA.- Compromisos da Universidade de Santiago de Compostela**

A Universidade de Santiago de Compostela obrígase por medio deste convenio á organización e realización do Máster.

En xeral, a Universidade asumen os seguintes compromisos:

- - Presentar previamente á sinatura do convenio:
  - Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración



Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.
- Organizar e dirixir o curso, segundo os contidos e condicións que se inclúen na Memoria do título.
  - Facer constar a colaboración da Axencia Galega de Innovación, mediante a súa indicación na páxina web e no material de difusión, constando o logotipo institucional da Xunta de Galicia e do Xacobeo 2021-2022 en toda a documentación que se produza na preparación, organización e realización do Máster, ou como consecuencia deles.
  - Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
  - Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
  - Comunicarlle á Axencia Galega de Innovación a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas e con anterioridade á sinatura deste convenio, presentarán



declaración de non ter percibido outras axudas polas actividades subvencionadas neste convenio.

#### **SÉTIMA.- Forma de xustificación**

A xustificación da subvención por parte do beneficiario, segundo o sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, realizarase mediante a achega de:

- Unha certificación de gastos da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, acompañada dunha relación clasificada dos gastos e investimentos das actividades obxecto do convenio, coa identificación dos conceptos subvencionables, os provedores e as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, os importes, datas de emisión e datas de pago.
- Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.
- Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 da Regulamento da Lei 9/2007.

#### **OITAVA.- Publicidade**

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo

gobierno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Axencia Galega de Innovación achegará os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da súa subscrición cos seguintes datos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, GAIN publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

#### **NOVENA-. Modificación**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión de axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio e, eventualmente, á súa revogación.



Procederá a revogación da axuda, así como o reintegro total ou parcial das cantidades xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **DÉCIMA.- Inexistencia relación laboral**

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, directa, indirecta nin subsidiaría, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento destas.

#### **DÉCIMA PRIMEIRA.- Seguimento e evolución do convenio**

Este convenio de colaboración terá natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas; polos preceptos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e polo establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Para o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera discrepancia que poida xurdir sobre a súa interpretación, crearase unha Comisión Mixta integrada por un representante de GAIN e un da USC. Esta Comisión, que será presidida polo representante de GAIN, resolverá as dúbidas que xurdan sobre o desenvolvemento do convenio, sendo os acordos adoptados neste sentido inmediatamente executivos. Calquera discrepancia que xurda poderá ser resolta, en vía administrativa, por esta Comisión.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. - Vixencia**

A duración deste convenio estenderase desde o día da súa sinatura ata o 30 de decembro



de 2022, non sendo susceptible de prórroga, podéndose denunciar antes dese período pola parte que considere vulnerado o seu espírito por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.

A denuncia terá que efectuarse mediante comunicación ás outras partes por escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes.

Agás acordo expreso en contrario, teranse que rematar as acción xa iniciadas.

**DÉCIMO TERCEIRA.-** As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente Convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano e rubricano por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

Pola Axencia Galega de Innovación

Pola Universidade de Santiago de  
Compostela



Francisco José Conde López



Antonio López Díaz